



# Daquelas augas veñen estes lodos

*A proposta de Convenio para o ano 2003 da AEB simplemente adía o desencontro ata o ano 2004*

*O último Convenio orixinou unha forte perda de poder adquisitivo e facilitou a destrución de emprego*

*Entre 1999 e 2002 destruíronse na Galiza 713 postos de traballo*

*AEB está mal acostumada, sempre obtivo o que quería coa única oposición do sindicalismo nacionalista*

*Na vindeira semana celebraremos un cumio do sindicalismo galego e vasco para decidir as mobilizacións que levaremos a cabo*

A reunión do día 30 de outubro foi como estaba previsto. A AEB fixo firme a súa proposta anterior, están por un convenio para este ano 2003 cunha suba salarial do 2,75%. Proposta que non facilita un avance real na negociación, simplemente adiaría o actual desencontro de posicións para o ano 2004.

**Sabemos que quere a AEB**, malia que non fale: queren un convenio como os anteriores. Dende o ano 1980 a negociación colectiva estatal contribuíu a reducir os beneficios sociais, desregulou a xornada laboral, destruíu e precarizou o emprego e perdemos poder adquisitivo. Como contrapartida incrementouse a produtividade e os beneficios empresariais acadaron cifras que a maior parte da poboación considera insultantes.

O convenio colectivo 1999-2002, orixinou unha forte perda de poder adquisitivo; tampouco é casual que durante este mesmo período o emprego continuara a reducirse na Galiza.

	1999	2000	2001	2002
<b>IPC</b>	2,9	4,0	2,7	4,0
<b>Suba convenio</b>	2,5	2,0	2,0	2,0
<b>Perda salarial</b>	0,4	2,0	0,7	2,0

*Evolución emprego na Galicia no período do convenio 1999-2002*

	1999	2000	2001	2002	Total	%
<b>A Coruña</b>	3.706	3.595	3.468	3.362	-344	-9,3
<b>Lugo</b>	781	741	720	698	-83	-10,6
<b>Ourense</b>	787	753	712	690	-97	-12,3
<b>Pontevedra</b>	2.250	2.164	2.126	2.061	-189	-8,4
<b>Galiza</b>	7.524	7.253	7.026	6.811	-713	-9,47

AEB non só sabe o que quere, tamén está mal acostumada xa que nos convenios estatais sempre obtivo o que quería coa única oposición do sindicalismo nacionalista. Daquelas augas veñen estes lodos.

**Os traballadores/as tamén sabemos o que queremos:**

Queremos recuperar o poder adquisitivo perdido, librar os sábados, eliminar as horas extras, garantir a creación de emprego fixo e con dereitos, eliminar a mobilidade xeográfica e homologar os dereitos do persoal de nova entrada.

Na vindeira semana celebraremos un Cumio do sindicalismo nacionalista, galego e vasco (CIG, ELA e LAB), para decidir as mobilizacións a realizar.

A vindeira reunión será o día 13 de novembro.